



## **RESOLUCIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2022, DO XERENTE DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A A TEMPO COMPLETO (ÁREA DE FUNDAMENTOS DE ENFERMARÍA) DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA**

O artigo 8 do Decreto 242/2008, de 9 de outubro polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas Universitarias de Enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade establece que é función do Padroado "nomear ao profesorado a proposta da Xunta de Escola".

Mediante Orde do 8 de setembro de 2009, da Consellería de Sanidade (DOG nº 184, do 18 de setembro), delégase a Presidencia dos padroados das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade en Ourense e A Coruña nos titulares das Xerencias dos complexos hospitalarios de Ourense e A Coruña, respectivamente

Tendo en conta o anterior e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Servizo Público de Saúde de Galicia, a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, o Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee,

### **RESOLVE**

Convocar o proceso para a cobertura dunha praza de profesorado a tempo completo da Escola Universitaria de Enfermaría da Coruña, para venia docendi, mediante o sistema de selección de concurso de méritos.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes



## BASES

### **Primeira. Obxecto, características e funcións do posto de traballo**

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura dunha praza de profesor/a a tempo completo da Escola Universitaria de Enfermaría da Coruña, para venia docendi (Área de Fundamentos de Enfermaría), mediante o sistema de selección de concurso de méritos, cuxo horario será de mañá (8 a 15 horas) e/ou tarde (15 a 22 horas).

As retribucións a percibir serán as establecidas para este posto (código orzamentario S-A2-22) na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica de Galicia vixente en cada momento.

As funcións a desempeñar serán as seguintes:

Coordinar a programación e desenvolvemento das ensinanzas teóricas e prácticas de acordo co plan de estudos vixente.

Coordinar e impartir a ensinanza teórica e práctica na área de Fundamentos de Enfermaría.

Coordinar e promover accións correctoras destinadas a mellorar a calidade da docencia da área de Fundamentos de Enfermaría.

Coordinar o proceso de integración e as accións de apoio e orientación do estudantado na súa traxectoria curricular.

Valorar a dotación e distribución de medios materiais para desenvolver as actividades docentes e administrativas.

Promover e velar pola execución das accións deseñadas para a mellora da xestión medioambiental.

Colaborar coa dirección no desenvolvemento da actividade docente e no seguimento do Título.

Calquera outra función que lle delegue a dirección ou encomenden as disposicións legais vixentes.



## Segunda. Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar na presente convocatoria as/os interesadas/os que na data da finalización do prazo para a presentación de instancias reúnan os seguintes requisitos:

- Posuír o título de Grao en Enfermaría ou equivalente.
- Ser persoal estatutario fixo en categoría do subgrupo A2 (Enfermeiro/a).
- Atoparse en situación de servizo activo como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.
- Formación avanzada en metodoloxía enfermeira
- Coñecemento de ferramentas informáticas de planificación de coidados

## Terceira. Solicitudes e documentación

As/os interesadas/os en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude, segundo o modelo de instancia que se adxunta no anexo I, que se facilitará na Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, situada no Campus de Oza. Os impresos de solicitude tamén estarán accesibles na web da Escola de Enfermaría A Coruña <http://www.enfermariacoruna.es/>, no apartado “Novas”.

Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación acreditativa dos requisitos e méritos das/dos interesadas/os:

- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsado
- Copia compulsada do documento que acredite a titulación requirida.
- Certificación acreditativa dos servizos prestados, na que conste a categoría profesional e as datas de prestación de servizos, facendo constar que se atopa en situación de servizo activo.
- Currículo profesional detallado, onde consten os méritos avaliábeis conforme á orde e estrutura disposta no anexo II da convocatoria, e documentación acreditativa dos mesmos mediante documento orixinal ou fotocopia compulsada.





- Proxecto docente referido a ÁREA DE FUNDAMENTOS DE ENFERMERÍA. O Proxecto docente conterá, como mínimo, os seguintes apartados: Propósito xeral da materia ou materias, resultados de aprendizaxe e competencias, metodoloxías docentes e de avaliación.

O proxecto presentarase en sobre pechado e terá unha extensión máxima de 20 páxinas, letra Arial, tamaño de fonte 11 e interlineado 1,5.

Para ver información sobre as materias entrar na páxina web da Escola ou na Memoria do título de Graduado/a en Enfermaría pola Universidade da Coruña.

[http://www.enfermariacoruna.es/documentos/estudios/grado/1.Memoria\\_Titulo\\_Graduado\\_Enfermaria.pdf](http://www.enfermariacoruna.es/documentos/estudios/grado/1.Memoria_Titulo_Graduado_Enfermaria.pdf)

<http://www.enfermariacoruna.es/documentos/estudios/2016/Memoria-modificada-8-3-2016.pdf>

O currículo vitae e o proxecto docente deberán entregarse tamén en formato dixital non modificable.

Só se terán en conta os méritos que as/os interesadas/os reúnan na data de publicación da convocatoria e acrediten no prazo de presentación de instancias.

No caso de insuficiente acreditación documental dos requisitos de admisión esixidos na convocatoria, poderán ser emendados no prazo que estableza a lista provisoria de admitidas/os e excluídas/os, de acordo co establecido na base sexta da convocatoria. Para os efectos de acreditación dos méritos poderase solicitar a ampliación ou aclaración da documentación aos aspirantes.

Os documentos orixinais que as/os aspirantes achegasen para acreditar os seus méritos seranlles devoltos, previa solicitude, tralo remate do proceso selectivo, ou ben se é o caso, unha vez resoltos os recursos, reclamacións ou demandas formuladas contra a resolución final do proceso.

As solicitudes e documentación anexa, deberán ir dirixidas ao Xerente da Área sanitaria da Coruña e Cee, e poderán presentarse en calquera dos rexistros da Área Sanitaria e demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC).



O prazo de presentación é de dez días hábiles a contar dende o día seguinte á data da publicación do anuncio da presente convocatoria.

Será causa da inadmisión ao proceso selectivo a presentación extemporánea da solicitude pola/o interesada/o.

#### **Cuarta. Sistema de selección**

A selección das/os aspirantes á praza convocada será polo procedemento de concurso de méritos, de conformidade co baremo establecido no anexo II.

A puntuación total que as/os aspirantes poderán acadar neste proceso selectivo será de 140 puntos, detallado no anexo II.

A comprobación posterior do incumprimento de calquera dos requisitos esixidos para as/os aspirantes nesta convocatoria, dará lugar, por resolución motivada, á exclusión da/o aspirante ou, no seu caso, á revogación da adxudicación e nomeamento, se estes xa se tivesen efectuado.

#### **Quinta. Comisión Técnica**

Para a selección das/os aspirantes constituirase unha Comisión Técnica, que terá como finalidade avaliar a competencia das/os candidatas/os e os méritos presentados, e elevar a proposta de adxudicación ao Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Comisión Técnica estará integrada por cinco membros designados da seguinte maneira:

**Presidente:** Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee e presidente do padroado , ou persoa en quen delegue.

**Vogais:** Directora da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, ou persoa en quen delegue.



Delegada da Universidade na Escola Universitaria de Enfermería A Coruña, ou persoa en quen delegue.

Director de Enfermería da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ou persoa en quen delegue.

Secretaría académica da Escola Universitaria de Enfermería A Coruña, ou persoa en quen delegue.

A Comisión será asistida por un secretario, designado polo órgano que convoca, que actuará con voz pero sen voto.

Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo ao Xerente cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 26, do 2 de outubro).

Así mesmo, as/os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.

A Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente sobre órganos colexiados. A efectos de comunicacións, a Comisión terá a súa sede na Escola Universitaria de Enfermería A Coruña (Campus de Oza).

## **Sexta. Procedemento e tramitación**

1.-Todas as publicacións relativas ao desenvolvemento do proceso realizaranse nos taboleiros de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería A Coruña, na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na web da Escola de Enfermería.

2.-Rematado o prazo de presentación das solicitudes, o xerente ditará resolución coa relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, indicando neste último caso a causa da exclusión.



As/os aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

3.-Transcorrido este prazo, a Comisión Técnica resolverá as reclamacións presentadas e publicará a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os ao proceso selectivo.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

4.-A Comisión Técnica procederá á valoración conforme ao procedemento establecido na base cuarta desta convocatoria. O proxecto docente e as funcións inherentes ao posto serán defendidos en acto público, ao que as/os aspirantes serán previamente convocados pola Comisión Técnica.

5.- Rematada a fase de avaliación dos méritos, publicarase a relación provisional coas puntuacións obtidas polas/os aspirantes, coa apertura dun prazo de cinco días hábiles para que as/os interesadas/os poidan realizar as reclamacións que estimen pertinentes, e que serán resoltas pola Comisión Técnica.

6.- As reclamacións formuladas contra a resolución provisional serán rexeitadas ou admitidas por medio da resolución definitiva, que conterá a proposta de adxudicación a favor de aquel/a aspirante que acade a maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberán constar as razóns que o motiven.

### **Sétima. Resolución**

A resolución definitiva será publicada de acordo co establecido na base Sexta punto 1, e indicará as puntuacións definitivas ou que se declara deserta a convocatoria.



En caso da non superación do período de proba por parte da/o aspirante seleccionada/o, nos termos do artigo 33.2 da Lei 55/2013, de 16 de decembro (BOE núm. 301, de 17 de decembro), polo que se aproba o Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, ou renuncia do mesmo, realizarase a adxudicación á favor da/o seguinte aspirante coa maior puntuación outorgada.

O exercicio das funcións obxecto da presente convocatoria pola/o aspirante seleccionada/o non suporá a consolidación de dereito algún de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento.

Contra a presente resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña, 9 de novembro de 2022

O presidente do Padroado da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee  
**XERENCIA**

Asdo.: Luis Verde Remeseiro





## ANEXO I

**RESOLUCIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2022 DO XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A A TEMPO COMPLETO (ÁREA DE FUNDAMENTOS DE ENFERMARÍA) DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA**

APELIDOS	NOME	DNI	DATA DE NACEMENTO
DOMICILIO			
CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	PROVINCIA	TELEFONO	CORREO ELECTRÓNICO

### EXPÓN:

Que publicada a Resolución do 9 de novembro de 2022 do xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se procede á convocatoria para a cobertura dunha praza de Profesor/a a tempo completo, e reunindo os requisitos necesarios,

### SOLICITA:

Sexa admitida a presente solicitude para aspirar á cobertura da praza convocada, xuntando á presente a documentación solicitada e que a continuación se relaciona:

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-

A Coruña, ..... de.....de 2022

Sinatura do/a Solicitante

**XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**



## ANEXO II

### BAREMO PARA A CUALIFICACIÓN DAS/OS SOLICITANTES

#### FORMACIÓN ACADÉMICA: A puntuación máxima será de 15 puntos

Tese de Doutoramento	8 puntos
Cursos de mestrado universitario e doutoramento	3 puntos
Especialidade	1,5 puntos
Outras titulacións universitarias	1 punto
Posgrao relacionado coa materia	1 punto
Posgrao/ máster: (150 a 300 horas: 0,2 puntos; > 300 horas: 0,5 puntos)	(máximo 1 punto)
Cursos relacionados coa materia: 0,1 punto / 10 horas	(máximo 2 puntos)
Acreditación do coñecemento de idioma estranxeiro (inglés), segundo as equivalencias do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL):	
Nivel B1:	1 punto
Nivel B2:	1,5 puntos
Nivel C1:	2 puntos
Nivel C2:	3 puntos
Acreditación do coñecemento de lingua galega:	
Celga 3:	1,5 puntos
Celga 4:	3 puntos
Cursos de formación docente universitaria 0,25 punto / 10 horas	(máximo 3 puntos)

#### EXPERIENCIA DOCENTE: A puntuación máxima será de 30 puntos.

Docencia na/as materias da área de fundamentos de enfermaría	6 puntos / curso académico
Docencia noutras materias	3 puntos / curso académico (máximo 5 anos)
Dirección de tese doutoral	1 punto / tese
Dirección de Traballo Fin de Máster	0,2 puntos / traballo
Dirección de Traballo Fin de Grao	0,2 puntos / traballo
Membro de Tribunal avaliador de Traballo Fin de Grao	0,1 puntos / traballo
Titor/a de práctica-clínica EUE	0,5 puntos / curso académico
Docencia non universitaria	0,2 puntos / curso (máximo 2 puntos)

#### EXPERIENCIA INVESTIGADORA: A puntuación máxima será de 20 puntos.

Libros ≤ 4 autores	1 puntos / libro completo
--------------------	---------------------------



Libro > 4 autores	0,5 puntos / libro completo
Capítulo de libro ≤ 4 autores:	0,3 puntos/capítulo (máximo 3 capítulos)
Capítulo de libro > 4 autores	0,15 puntos/capítulo (máximo 3 capítulos)
Proxectos de investigación	1 punto / proxecto
Artigo en revistas nacionais	0,5 puntos / artigo
Artigo en revistas internacionais	0,7 puntos / artigo

### **EXPERIENCIA PROFESIONAL:** A puntuación máxima será de 20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados como Enfermeiro/a, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza: 0,20 puntos/mes
- Por cada mes completo de servizos prestados como Enfermeiro/a, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia doutras administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional ou en postos das clases de diplomados sanitarios da escala de saúde pública e Administración sanitaria ou equivalentes doutras administracións públicas de España/Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza: 0,10 puntos/mes.
- Por cada mes completo de servizos prestados como Enfermeiro/a por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias privadas concertadas e/ou acreditadas para a docencia de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza: 0,07 puntos/mes.
- Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría de persoal sanitario, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza: 0,05 puntos/mes.
- Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría, distinta das previstas nos puntos anteriores, en virtude de nomeamento administrativo ou contrato laboral por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias públicas dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suiza: 0,04 puntos/mes.

Normas xerais de valoración:



Primeira:

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase, en cada epígrafe do baremo, o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada punto será o cociente enteiro, desprazándose os decimais.

En ningún caso a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural se poderá valorar por riba da puntuación establecida para o dito período dun mes.

En ningún caso un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintas epígrafes do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría, ou en varios servizos ou unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no dito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente se poderá valorar un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

Segunda:

Os servizos prestados durante o período en que se disfrute dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución. Cando nun mesmo período o/a interesado/a acredite distintos nomeamentos a tempo parcial, realizarase unha acumulación, sen que poida resultar, en ningún caso, unha xornada acumulada superior á xornada completa.

A experiencia profesional valorarase a partir da data de superación do período formativo conducente á obtención do título académico que dá acceso á categoría.





O período de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado como tempo de servizos prestados.

Os períodos de permiso sen soldo, así como a permanencia en situación de servizos especiais valoraranse como tempo de servizos efectivamente prestados na categoría para os efectos deste baremo.

Os servizos prestados noutra categoría en promoción interna temporal polo persoal estatutario fixo valoraranse como servizos temporais na dita categoría.

De conformidade co artigo 3 do Decreto 81/2016, do 23 de xuño, os servizos prestados a partir da data de obtención do título de especialista e en desenvolvemento das actividades propias dunha especialidade terán a consideración de prestados nesta.

Os servizos prestados en virtude dun título expedido por terceiros países valoraranse desde a data de homologación ou recoñecemento do título polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

**OUTROS MÉRITOS:** A puntuación máxima será de 5 puntos.

Estadías formativas, asistenciais, docentes.	0,1 puntos / mes
Postos de xestión:	0,2 puntos / ano
Membros de comisións, unidades de calidade, avaliación, etc.	0,2 puntos / ano
Dirección ou coordinación de cursos	0,1 puntos / curso
Membros de comité científico, organizador de congresos e xornadas	0,2 puntos (máx. 2 puntos)

**PROXECTO DOCENTE:** A puntuación máxima será de 50 puntos

Estrutura do Proxecto Docente:	Ata 20 puntos
Defensa do Proxecto Docente e funcións a desenvolver	Ata 30 puntos

A comisión poderá propor que se declare deserta a convocatoria no suposto de que ningún dos aspirantes acade 25 puntos na avaliación do proxecto docente.

